

50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. La policía como servizo a la cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais."

Contra as presentes bases, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo. Todo elo sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Chantada, 22 de decembro de 2009.- O Alcalde, Manuel Anxo Taboada Rodríguez.

R. 06951

LUGO

Téndose instruído expediente, segundo o procedemento especial previsto no artigo 59 do vixente Regulamento de Cemiterio, para o cambio de titularidade da unidade de enterramento nº 06-039 do cemiterio municipal de San Froilán, da que foi titular o falecido D. MIGUEL MORENO FERNANDEZ.

E, de conformidade con informe-proposta da Sección de Estatística e Cemiterio, comunícase os herdeiros de D. Arturo Moreno Sánchez que, segundo declaran os restantes herdeiros, resultan ilocalizables, que a tenenta de Alcalde Delegada da Área de Servizos Xerais, vai proceder a outorgar o cambio de titularidade da devandita unidade de enterramento nº 06-039 do cemiterio municipal de San Froilán a favor da solicitante D^a. Amparo Moreno Expósito.

O que se lles traslada, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda para que, de acordo co establecido no artº 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, formulen cantas alegacións estimen pertinentes.

Lugo, o 16 de decembro de 2009.- A TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS XERAIS, Luisa María Zarzuela González.

R. 06958

Téndose instruído expediente, segundo o procedemento especial previsto no artigo 59 do vixente Regulamento de Cemiterio, para o cambio de titularidade da unidade de enterramento nº 14-035 do cemiterio municipal de San Froilán, da que foron titulares os falecidos D^{as}. MANUELA MARTINEZ LUGILDE e DANIEL MARTINEZ LUGILDE.

E, de conformidade con informe-proposta da Sección de Estatística e Cemiterio, comunícase os herdeiros de D. Daniel Martínez Lugilde que, segundo declaran os

herdeiros da cotitular, D^a. Manuela Martínez Lugilde, resultan ilocalizables, que a tenenta de Alcalde Delegada da Área de Servizos Xerais, vai proceder a outorgar o cambio de titularidade da devandita unidade de enterramento nº 14-035 do cemiterio municipal de San Froilán a favor do solicitante D. Ramón Teijeiro Boelle.

O que se lles traslada, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda para que, de acordo co establecido no artº 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, formulen cantas alegacións estimen pertinentes.

Lugo, o 16 de decembro de 2009.- A TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS XERAIS, Luisa María Zarzuela González.

R. 06959

Exposición pública:

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data 29 de xuño de 2009, a derogación da ordenanza reguladora do rastrillo da zona monumental conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, exponese ao público no taboleiro de edictos municipal polo prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

Lugo, a 18 de decembro de 2009.- O Alcalde-Presidente, José Clemente López Orozco.

R. 06998

MEIRA

Anuncio

Por acordo plenario de data de 23 de outubro de 2009, aprobouse provisionalmente a ordenanza reguladora da limpeza de terreos e solares e medidas preventivas contra incendios forestais e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES, E MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

CAPÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1º.-

A presente ordenanza díctase segundo as facultades concedidas polos artigos 25 en relación co 84 da Lei

7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; art. 80 da Lei 5/1997, del 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e nas normas que lle afectan da Lei 9/2002, do 30 de decembro, do ordenamento urbanístico e da protección do medio rural de Galicia e demais normativa concordante.

Artigo 2º.-

Esta ordenanza ten natureza de ordenanza de policía urbana e rural e de prevención de incendios, non ligada cunhas directrices de planeamento concreto, por estar referida a aspectos de ornato, seguridade e salubridade do medio territorial do Concello.

CAPÍTULO II.

DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES.

Artigo 3º.-

O Alcalde ou concelleiro no que delegue, dirixirá a policía urbana, rural e sanitaria, e exercerá a inspección dos terreos, parcelas, obras e as instalacións do termo municipal de Meira, para comprobar o cumprimento das condicións esixibles.

Artigo 4º.-

Queda prohibido botar lixo ou residuos de calquera clase en terreos rústicos ou urbanos, tanto de propiedade pública como privada.

Igualmente non se permitirá que os terreos que non estean destinados a cultivos agrícolas ou terreos sen edificar, se deixen medrar matogueiras ou calquera clase de vexetais que lle dean aos terreos un aspecto de abandono.

Artigo 5º.-

1.- Os propietarios de toda clase de terreos e construcións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, residuos sólidos urbanos ou entullos e maleza.

2.- Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obriga recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.

Artigo 6º.-

1.- Coñecido o estado de abandono ou falta de limpeza dun terreo ou construción, ben por denuncia particular, ben de oficio, o alcalde ou concelleiro no que delegue, incoará o expediente administrativo correspondente co obxecto de determinar o estado de limpeza e conservación do precioso e resolver o procedente, requirindo a emisión dos informes técnicos e xurídicos oportunos, e unha vez evacuados estes, concedéndolles aos interesados un prazo de audiencia.

2.- Á vista do expediente tramitado, o Alcalde ou o seu delegado, resolverá ordenando a execución dos traballos de limpeza ó titular do predio afectado, concedéndolle un prazo mínimo de dez días e un máximo dun mes, atendendo á magnitude dos traballos a realizar, ou ben declarando que non son necesarios.

3.- No suposto de incumprimento da orde de execución por parte do interesado no prazo concedido, procederáse á execución subsidiaria ou á execución forzosa, despois dun aviso, mediante a imposición de multas coercitivas das que a contía oscilará entre 300 e 3.000 €, xustificándose a contía segundo as circunstancias que concorran. As multas coercitivas reiteraranse ata conseguir a completa execución do ordenado, imponéndose unha nova multa coercitiva por cada mes de retraso, multa da que o importe será o da inmediatamente anterior, incrementado nun 25%, sen que en ningún caso poidan exceder do límite xeral de 3.000 €. Sen prexuízo disto, a administración poderá optar en calquera momento pola execución subsidiaria, con custos a cargo do obrigado a executar.

4.- Non será preciso o aviso previo á execución forzosa cando ao ser notificada a orde, expresamente se advirta ó interesado a posibilidade de recorrer ós medios de execución forzosa en caso de incumprimento.

5.- As multas coercitivas non terán carácter sancionador, senon o de medios para lograr que se cumpra co ordenado.

6.- Os expedientes sancionadores que se incoen por infringir o disposto nesta ordenanza terán carácter independente dos previstos neste artigo.

CAPÍTULO III.

DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Artigo 7º.-

1.- Nos núcleos urbanos e rurais queda prohibido plantar árbores, excepto árbores illadas con fins ornamentais, ou pequenos grupos que non ocupen unha superficie superior a 50 metros.

2.- Establecese, como medida preventiva, unha franxa de protección contra incendios forestais de 50 metros, contados a partir da liña delimitadora do núcleo ou de ser o caso, das edificacións exteriores deste, que deberán estar libres de maleza ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume.

Artigo 8º.-

Os propietarios ou administradores das plantacións de árbores, existentes á entrada en vigor desta ordenanza, deberán realizar labores de limpeza de maleza e de calquera material que facilite a propagación do lume dentro dunha liña de protección contra incendios forestais de 50 m, contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais.

Artigo 9º.-

Haberá que averse ó disposto no artigo 7 en canto á prohibición de realizar novas plantacións de árbores dentro da franxa de protección, unha vez realizada a corta de árbores xa existentes.

Artigo 10º.-

1.- O Alcalde ou o seu delegado, de oficio ou a solicitude de persona interesada, iniciará o procedemento poñéndoo en coñecemento do propietario ou propietarios dos terreos, tanto urbanos como rústicos, e tralo informe dos servizos técnicos e con audiencia aos interesados, ditará resolución na que se sinalen as deficiencias, se ordenen as medidas precisas para correxilas e se fixe un prazo para a súa execución.

2.- Transcurrido o prazo concedido sin que os obrigados executaran as medidas precisas, o Alcalde ordenará a incoación do procedemento sancionador.

3.- Ó resolverse, requirirase ó obrigado ou ó seu administrador para que proceda a executar a orde, coa advertencia, para os casos de incumprimento, de levala a cabo o Concello con custos a cargo do obrigado, que serán recadados por vía de coarxamento.

4.- Cando concorran circunstancias de falta de capacidade económica dos obrigados, previo informe dos servizos sociais, os traballos de limpeza de que se trate, poderán ser asumidos polo propio Concello.

CAPÍTULO IV.**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.****Artigo 11º.-**

Constitúen infracción desta ordenanza os actos que vulneren as normas que dela se derivan, segundo o detalle que a seguido se transcribe:

Non cumprir as ordes de execución dos traballos necesarios para manter os terreos e soares en perfecto estado de salubridade e ornato público.

Non respectar as medidas preventivas de protección contra os incendios forestais, incumprindo o deber de manter os terreos libres de mato ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume, dentro das distancias de seguridade sinaladas nesta ordenanza.

Realizar novos plantíos de árbores dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza.

Artigo 12º.-

1.- As faltas ás que se refire o artigo anterior serán sancionadas con multas que oscilan entre os 150 e os 300 €.

2.- As infraccións a esta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves:

Son faltas moi graves os actos que constitúan incumprimento das normas que afecten á salubridade e seguridade de terreos ou construcións, e tamén aqueles nos que se incumplan as medidas de prevención contra os incendios forestais sinaladas nesta ordenanza durante os meses de verán, ou que supoñan un risco grave contra a seguridade de persoas ou bens públicos. Tamen o in-

cumprimento reiterado das ordes de execución ditadas para enmendar faltas cualificadas como graves.

Son faltas graves os actos que constitúan incumprimento das normas que, relativas á seguridade, salubridade ou ornato, afecten levemente á salubridade ou seguridade de persoas ou bens, así como as medidas de prevención contra os incendios forestais sinaladas nesta ordenanza, e os novos plantíos de árbores dentro da franxa de protección fixada nesta normativa. Tamén o incumprimento reiterado das ordes de execución ditadas para enmendar faltas cualificadas como leves.

Considéranse faltas leves as que non teñan carácter de graves ou moi graves.

Artigo 13º.-

O órgano competente para resolver o procedemento sancionador é o Alcalde, nos termos do disposto no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo do dereito a delegan nalgún concelleiro ou na Xunta de Goberno Local.

Artigo 14º.-

A potestade sancionadora exercerase segundo a normativa do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real Decreto 1.398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 15º.-

Para graduar as sancións atenderase primordialmente á gravidade das faltas, á entidade económica dos feitos constitutivos da infracción, á reiteración por parte da persoa responsable e ó grao de culpabilidade de cada un dos infractores.

Artigo 16º.-

1.- As faltas moi graves sancionaranse con multa de 300 a 900 €.

2.- As faltas graves sancionaranse con multa de 180 a 300 €.

3.- As faltas leves sancionaranse con multa de 60 a 180 €.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As distancias de seguridade e prevención contra incendios forestais que se establecen nesta ordenanza non serán de aplicación ás edificacións situadas nos viveiros forestais.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ó da publicación do seu texto completo no BOP.

En Meira, a 16 de decembro de 2009.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 06881